A los efectos de notificar la resolución dictada a los expedientes que se relacionan en el anexo 1 y de acuerdo con lo establecido en los art. 33.2 y 34.2 del Reglamento General sobre procedimientos para la imposición de sanciones por infracciones de Orden Social, aprobado por Real Decreto 928/1998 de 14 de mayo (Boletín Oficial del Estado de 3 de junio) y de acuerdo con lo dispuesto en el art. 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (BOE de 27 de noviembre), se hace pública, para conocimiento de los sujetos responsables que se indican, la relación de expedientes con expresión de las actas objeto de resolución. Los expedientes estarán a disposición de los que acrediten ser interesados, en las dependencias de esta Unidad Especializada en el Área de la Seguridad Social (Rambla dels Ducs de Palma de Mallorca, nº 18 1º 07003-Palma) y en el plazo de un mes, podrán interponer recurso de alzada ante el Director Territorial de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social en Illes Balears, por conducto de esta Unidad, según lo dispuesto por el art. 31 de la Ley General de la Seguridad Social, Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994 de 20 de junio (BOE de 29 de junio), según redacción dada por la disposición adicional quinta de la Ley 42/1997 de 14 de noviembre, ordenadora de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social (BOE de 15 de noviembre), y disposición transitoria única, apartado 4 del Real Decreto 928/1998.

De acuerdo con lo dispuesto en el art. 61 de la Ley 30/92 se publica únicamente una breve indicación del contenido de la Resolución.

Anexo I: Resoluciones de actas de liquidación

Nº acta: 3620080097003/89.

Nº acta inf.: 106366/08.

Empresa o trabajador: Indumetal Lopez Lara S.L.U..

Ayuntamiento: Vigo.

Importe: A.I. 901,56. A.L. 73141,3 Euros.

Palma de Mallorca, 19-feb-09.—El Director Territorial-Jefe de la IPTSS, Pablo Páramo Montero.

2009002632

Deputación Provincial

Extractos de acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2009.

- 1.—Apróbase o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 18 de marzo do ano 2009.
- 2.—Apróbanse festas da bicicleta e marchas populares en concellos da provincia.
- 3.—Acórdase a devolución de varias garantías definitivas.
- 4.—Retírase da orde do día expte. relativo á “Adxudicación provisional do procedemento aberto convocado para a contratación do seguro de asistencia sanitaria para funcionarios de carreira integrados da Deputación Provincial de Pontevedra”.
- 5.—Inadmítase reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Castro-Rial Abad, en nome representación de D. Jorge Escudero Redondo por danos sufridos en vehículo na estrada de Coiro a San Cosme (Cangas).
- 6.—Comunicacións: Non houbo.

Fóra da orde do día:

- 7.—Dáse conta de resolución da Presidencia de 6 de marzo de 2009 sobre o aboamento de indemnización en expediente de responsabilidade patrimonial.
- 8.—Dáse conta da renuncia da Asoc. Cultural a Croa de Meis á subvención concedida para “Adquisición de uniformes de soldado romano”, aprobada ó seu favor na Xunta de Goberno de 25/06/08.
- 9.—Dáse conta da renuncia da Agrupación Musical do Rosal á subvención concedida para “III certame nacional de bandas de música Villa de Magallón (Zaragoza)”, aprobada ó seu favor na Xunta de Goberno de 17/09/08.
- 10.—Dáse conta da renuncia da agrupación musical do Rosal á subvención concedida para “Adquisición de vestiario”, aprobada ó seu favor na Xunta de Goberno de 25/06/08.
- 11.—Concédesse prórroga para a xustificación da subvención concedida ó Centro Cultural e Social de Herville de Mos para “Obras de reforma do local social” na Xunta de Goberno de 23/07/08.
- 12.—Préstase conformidade ó informe técnico en relación coas estradas provinciais sobre Plan de Sectorización da zona industrial da Ran do Concello de Cuntis.

- 13.—Préstase conformidade ó informe técnico en relación coas estradas provinciais sobre Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño.
- 14.—Acórdase recoñecemento extraxudicial de obrigas.
- 15.—Recoñécese a obriga polo procedemento extraxudicial de crédito e o pago da axuda á Federación Galega de Baloncesto para o “Trofeo Deputación de Pontevedra de minibasket”.
- 16.—Adxudícase provisionalmente os servizos de asistencia técnica para o desenvolvemento de actividades de formación do Plan Agrupado 2009.
- 17.—Apróbase o expediente de contratación da obra “Traballos pendentes de ensanche e dotación de servizos en Virxe das Mareas (O Grove).
- 18.—Rogos e Preguntas: Non se formularon.

O Secretario, ilexible.—Vº e Pr. o Presidente, ilexible.

2009003487



AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

A N U N C I O

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de marzo de 2009.

- 1.—Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 16 de marzo de 2009.
- 2.—Supervisión de instalación e montaxe de atraccións de feira para as festas de Peregrina: aprobación.
- 3.—Aboamento de factura presentada por SOGAMA correspondente aos meses de agosto a decembro de 2008 polo tratamento dos residuos sólidos urbanos.
- 4.—Subministración de dúas motocicletas para a Policía Local: adxudicación provisional.
- 5.—Subministración dun vehículo todoterreo para o servizo da Oficina Técnica de Arquitectura: adxudicación provisional.
- 6.—Expedientes sobre aceptación de cesións gratuítas de terreos con motivo de obtención de licenza urbanística:
 - a) Nº 5.794/08. Promotores: D. Luis Garrido Moledo e D^a Alejandra Acuña Caudrón. Situación: Regueiriño, parroquia de Lourizán.

- b) Nº 40.049/07. Promotor: “OS CORTIZOS, S.L.”. Situación: Areás, parroquia de Mourrente.
- c) Nº 35.260/08. Promotores: D. Modesto Ballesteros Carrera e D^a Rosa González Fernández. Situación: Carballa nº 11, parroquia de Ponte Sampaio.
- d) Nº 16.866/08. Promotores: D^a María Teresa González Guiadanes e D^a María José Rodríguez González. Situación: Tilve nº 63, parroquia de Cerponzóns.
- e) Nº 27.311/06. Promotor: “Promociones Somaró Vigo, S.L.”. Situación: Rúa da Seca nº 61.

7.—Solicitud de revisión e suspensión formulada por don Jorge Díaz Sebastián fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local de 15.09.2008 de aprobación definitiva do proxecto de urbanización de treito da rúa do Gorgullón á altura do nº 28 e rúa de nova apertura entre os rúeiros 187 e 188 do PXOU, promovido por “VIGALIA 2004, S.L.”.

8.—Rogos e preguntas. Non se formularon.

ASUNTOS URXENTES

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación:

A) Toma de coñecemento de sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polos Xulgados do Contencioso-administrativo Un e Tres de Pontevedra e Tres de Madrid e polo Xulgado do Social Un de Pontevedra:

1) Informe sobre a sentenza de data 26.12.08 ditada no recurso de apelación 4275/07 da Sección Segunda da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia formulado por don Daniel Ozores Pérez e outros pola xestión do matadoiro.

2) Informe sobre a sentenza de data 13.02.09 ditada no procedemento abreviado 302/08 do Xulgado do Contencioso-administrativo Un de Pontevedra formulado por dona Elisabeth Oya Steinbrüggen sobre abono de intereses.

3) Informe sobre a sentenza de data 26.02.09 ditada no procedemento abreviado 407/08 do Xulgado do Contencioso-administrativo Tres de Pontevedra formulado por “Gestoría Pontevedra, S.L.” sobre multa de tráfico.

4) Informe sobre a sentenza de data 27.02.09 ditada no procedemento abreviado 425/07 do Xulgado do Contencioso-administrativo Tres de Madrid formulado pola compañía “Lease Plan Servicios, S.A.” sobre multa de tráfico.

5) Informe sobre a sentenza de data 17.02.09 ditada nos autos 158/08 do Xulgado do Social Un de

Pontevedra formulado por don José Manuel Juncal González sobre despido improcedente.

B) Contratación dos servizos de informática e servizos conexos para a formación de usuarios do sistema informático de ingresos e depuración da base de datos de territorio e terceiros: adxudicación provisional.

C) Proxecto de “colector xeral de saneamento na avenida de Bos Aires”: adxudicación provisional.

D) Proxecto de “instalación colector do río Fontáns, Couso (Santa María de Xeve)”: adxudicación provisional.

E) Acordo da xunta de goberno local polo que modifican as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo procedemento de libre designación, entre funcionarios con habilitación de carácter estatal, do posto adxunto ao órgano de tesourería e xestión tributaria do Concello de Pontevedra.

F) Acordo da Xunta de Goberno Local polo que modifican as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo procedemento de libre designación, entre funcionarios con habilitación de carácter estatal, do posto de secretario xeral do pleno do Concello de Pontevedra.

G) Ensanche e pavimentación en Ferreirós. Campañó: adxudicación provisional.

Pontevedra, 26 de marzo de 2009.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores. **2009003492**

Expedite: Sesión plenaria 27.03.2009. Ref. 6/2009

Trámite: Extracto acordos adoptados

De conformidade co sinalado polo artigo 197 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise público extracto comprensivo do acordo adoptado na sesión plenaria deste Concello que tivo lugar o día 27.03.2009.

Asunto: 1. Aprobación do borradores das actas das sesións ordinarias do 30.01.2009 e 20.02.2009.

Resultado: Aprobadas.

Asunto: 2. URBANISMO.—Recurso reposición interposto por D^a M^a Victoria Ruano Paz contra acordo plenario do 24.11.2008 de aprobación definitiva de Estudio de Detalle para a reordenación de volumes no rúeiro 208 do PXOU, R/ Ramón Peña, a iniciativa de “Construcuatro, S.A.” e emenda das notificacións do citado acordo.

Resultado: Aprobado.

Asunto: 3. URBANISMO.—Modificación puntual do PERI da Unidade de Actuación 34 do PXOU, R/ Amado Carballo, para a construción dun aparcamento soterrado público. Aprobación definitiva.

Resultado: Aprobado.

Asunto: 4. RÉXIME INTERNO.—Modificación do Regulamento Municipal de Creación dos Ficheiros de datos de carácter persoal. Aprobación inicial.

Resultado: Aprobado.

Asunto: 5. CULTURA.—Denominación de praza de nova apertura como Praza da Veiga da Eira.

Resultado: Aprobado.

Asunto: 6. SERVIZOS.—Proposición do grupo municipal do PP instando á Xunta de Galicia a reconsideración do destino do edificio da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.

Proposta modificada coa adición instada polo Presidente da Comisión de Recursos Humanos e Servizos.

Resultado: Rexeitada.

Resultado: Aprobada.

Asunto: 7. Proposición de acordo do grupo municipal do PP para promover a construción dunha estación intermodal e o soterramento das vías do AVE en Pontevedra.

Proposta alternativa presentada polos grupos municipais do BNG e PS de G-PSOE.

Resultado: Rexeitada.

Resultado: Aprobada.

Asunto: 8. Proposición conxunta dos grupos do PP, BNG e PS de G-PSOE sobre o trazado da A-57 conexión con Vigo.

Resultado: Aprobada.

Asunto: 9. Dación de conta de Decreto da Alcaldía de modificación da composición das Comisións do Pleno como consecuencia da toma de posesión da Sra. Concelleira D^a Encarnación Picallo Quiveo.

Resultado: Tomou coñecemento.

Asunto: 10. Coñecemento das resolucións e decretos ditados no mes anterior.

Resultado: Tomou coñecemento.

Poderá obterse maior información, de así desexarse, con consulta da acta, logo da súa petición.

Pontevedra, 31.03.2009.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez. **2009003542**

* * *

CAMBADOS

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23/3/2009, adxudicou definitivamente o contrato das obras de “Mellora de servizos urbanísticos na rúa Pardo Bazán”, incluídas no FEIL, á empresa Sercosya Proyectos y Obras, S.A., por importe de 199.137,93 € (Ive excluído: 31.862,07 €) co compromiso de contratar 1 persoa en situación de desemprego, polo prazo de 4 meses. O que se fai publico

en cumprimento do establecido polo Art. 138.2 da LCSP.

Cambados, 24 de marzo de 2009.—O Alcalde Acc., Luis Aragunde Aragunde. **2009003400**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23/3/2009, adxudicou definitivamente o contrato das obras de “Mellora dos servizos urbanísticos na rúa Narciso Pérez”, incluídas no FEIL, á empresa “Construcciones y Canalizaciones Salnés, S.L.”, por importe de 196.551,72 € (Ive excluído: 31.448,28 €), co compromiso de contratar 1 persoa en situación de desemprego, polo prazo duración da obra. O que se fai publico en cumprimento do establecido polo Art. 138.2 da LCSP.

Cambados, 24 de marzo de 2009.—O Alcalde Acc., Luis Aragunde Aragunde. **2009003401**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23/3/2009, adxudicou definitivamente o contrato das obras de “Rede de Saneamento de augas residuais nas parroquias de Cambados, Vilariño, Oubiña, Castrelo e Corvillón”, incluídas no FEIL, á empresa “Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.”, por importe de 200.000,00 € (Ive excluído: 32.000,00 €), co compromiso de contratar 1 persoa en situación de desemprego, polo prazo de duración da obra. O que se fai publico en cumprimento do establecido polo Art. 138 da LCSP.

Cambados, 24 de marzo de 2009.—O Alcalde Acc., Luis Aragunde Aragunde. **2009003402**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23/3/2009, adxudicou definitivamente o contrato das obras de “Rede de saneamento de augas pluviais en Vilariño”, incluídas no FEIL, á empresa “Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.”, por importe de 198.275,86 € (Ive excluído: 31.724,14 €), co compromiso de contratar 1 persoa en situación de desemprego, polo prazo de duración da obra. O que se fai publico en cumprimento do establecido polo Art. 138.2 da LCSP.

Cambados, 24 de marzo de 2009.—O Alcalde Acc., Luis Aragunde Aragunde. **2009003403**

* * *

CUNTIS

Anuncio de adxudicación definitiva das obras de “Mellora das infraestruturas viarias da Parroquia de Cuntis (FEIL)”.

Por Decreto da Alcaldía de data 12 de marzo de 2.009 aprobouse o seguinte acordo:

Aproba-la adxudicación definitiva á empresa Martínez Montes e Hijos SL das obras de “Mellora das infraestruturas viarias da Parroquia de Cuntis (FEIL)” coas seguintes características:

1.—Procedemento seguido para a licitación: Negociado sen publicidade.

2.—Fecha de adxudicación definitiva: 12/03/2009.

3.—Identidade da empresa adxudicatária: Martínez Montes e Hijos SL. CIF:B-15025372.

4.—Importe da adxudicación sen IVA: 153.005.62 euros.

5.—IVA repercutible: 24.480.90 (16%).

6.—Prazo de execución das obras (duración total da execución): 104 días.

7.—Número total de persoas a ocupar pola empresa adxudicatária: 23, do cal, número de persoas integradas na empresa: 23 e número de persoas de nova contratación: 0.

3º.—Aprobar unha mellora de obra por importe neto en execución material de 7000 euros e con 1.120 euros de IVE.

Cuntis, a 13 de marzo de 2009.—A Alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2009003249**

Por Decreto da Alcaldía de data 12 de marzo de 2.009 aprobouse o seguinte acordo:

Aproba-la adxudicación definitiva á empresa COVSA das obras de “Mellora de viais nos núcleos de Guimarei, Montesandeu, Magán, Pena de Arriba e Couselo (FEIL)” coas seguintes características:

1.—Procedemento seguido para a licitación: Negociado sen publicidade.

2.—Fecha de adxudicación definitiva: 12/03/2009.

3.—Identidade da empresa adxudicatária: COVSA. CIF: A-36008886.

4.—Importe da adxudicación sen IVA: 164.917.42 euros.

5.—IVA repercutible: 26.386.79.

6.—Prazo de execución das obras (duración total da execución): 118 días.

7.—Número total de persoas a ocupar pola empresa adxudicatária:11, do cal, número de persoas integradas na empresa: 10 e número de persoas de nova contratación: 1.

Cuntis, a 13 de marzo de 2009.—A Alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2009003399**

M E I S**A N U N C I O**

Transcorrido o prazo de trinta días dende a publicación no B.O. da Provincia dos anuncios relativos á aprobación inicial da Ordenanza reguladora do prezo público pola impartición de cursos, ludotecas, viaxes culturais e/ou deportivos, campamentos xuvenís e outras actividades de natureza deportiva e/ou sociocultural; da Imposición de taxa e aprobación da ordenanzas fiscal pola utilización das instalacións deportivas municipais; da Refundición e modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial de bens do dominio público local; e da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI, sen que contra a mesma se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación provisional a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a súa publicación íntegra, quedando redactado do seguinte xeito:

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO
POLA IMPARTICION DE CURSOS, LUDOTECAS,
VIAXES CULTURAIS E/OU DEPORTIVAS; CAMPAMENTOS
XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE NATUREZA
DEPORTIVA E/OU SOCIOCULTURAL**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL), Local en relación con o 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local así como polo artigo 64.2.d) e f) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e do artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; tomando como base os artigos 2.1.e) e 127 do Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLHL), ambos os dous en relación co capítulo VI do Título I do TRLHL, establece, a través da presente Ordenanza, o Prezo Público pola prestación e impartición de cursos, ludotecas, viaxes culturais e/ou deportivos; campamentos xuvenís e outras actividades de natureza deportiva e/ou sociocultural organizados ou impartidos polo propio concello.

ARTIGO 2.—OBXECTO

Os prezos públicos regulados na presente Ordenanza constitúense como prestacións patrimoniais de carácter público.

As devanditas prestacións patrimoniais deberán ser satisfeitas polos suxeitos que, voluntariamente, se inscriban ou soliciten algunha das actividades lúdicas, recreativas culturais ou deportivas ofertadas polo concello de Meis, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios.

**ARTIGO 3.—SUXEITOS OBRIGADOS
AO PAGAMENTO**

Os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades mencionadas no artigo 1 da presente ordenanza deberán aboar o prezo público establecido para cada un dos servizos ou actividades, tendo en conta as posibles bonificacións que poidan existir.

ARTIGO 4.—ESTABLECEMENTO E CONTÍA

1. O establecemento e contía dos prezos públicos regulados pola presente Ordenanza serán determinados pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno do Concello, de conformidade co establecido no artigo 47.1 do TRLHL en relación co artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, unha vez se determinen as actividades e servizos que se prestarán cada ano.

2. A estes efectos, sempre con carácter previo ao inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, tomando como base os informes sobre as actividades emitidos pola consellería de Cultura e Deporte así como os informes relativos aos custos soportados por o Concello, establecerá o prezo concreto para cada actividade desenvolvida, de conformidade sempre co artigo 44.1 do TRLHL segundo o cal o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade desenvolvida.

Cando existan razóns sociais, benéficas, de interese cultural ou público o concello fixará prezos públicos por debaixo do custo real establecido no parágrafo precedente. Nestes casos, tal e como determina o artigo 44.2 TRLHL, nos presupostos do concello deberán consignarse as dotacións oportunas para dar cobertura á diferenza existente entre o prezo público solicitado e o custo real do servizo ou actividade desenvolvida.

Logo de informe de Servizos Sociais do concello, a Xunta de Goberno Local valorará as situacións excepcionais de necesidade económica na que se atope algún solicitante, coa finalidade de que a cuota non supoña per se unha imposibilidade de acceder aos servizos ou actividades ofertados.

ARTIGO 5.—NORMAS DE XESTIÓN

A obriga de pagar o prezo público determinado de conformidade co recollido no artigo 4 da presente ordenanza xorde dende que se preste o servizo ou dende que se inicie a actividade concreta, se ben, de conformidade co estipulado no artigo 46.1 do TRLHL, esíxese o previo depósito das cantidades, debéndose de ingresar o referido importe sempre antes do inicio das actividades.

O ingreso destas cantidades efectuarase en calquera das entidades bancarias nas que o concello ten contas abertas.

Non se prestará o servizo ou a actividade solicitados se polo interesado non se presenta o xustificante de efectuar o ingreso.

No suposto de que, por causas alleas aos solicitantes, se deixase de realizar a actividade ou o servizo solicitados, os interesados poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

DIPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR.

A presente Ordenanza, segundo estipula o artigo 107 da Lei 7/1985 do 2 de abril, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS MUNICIPAIS****ARTIGO 1.—FUNDAMENTO Y NATUREZA**

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e o 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación con o 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local así como polo artigo 64.2.d) e f) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e do artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e polos artigos 2.b) 15 a 19 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LRHL), acorda a imposición e regulación dunha Taxa pola utilización dos servizos e instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 2.—OBXECTO

As instalacións deportivas municipais ás que se fará referencia na presente Ordenanza resultan ser:

— Pavillón Polideportivo

- Campo de fútbol de A Armenteira. O uso e xestión do mesmo corresponde ao concello de Meis.
- Campo de fútbol de Zacande
- Campo de fútbol de O Mosteiro
- Calquera outra instalación de natureza deportiva, que no futuro se edifique ou constrúa no termo municipal de Meis e cuxa titularidade, uso ou xestión corresponda ao Concello de Meis.

ARTIGO 3.—FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co estipulado no artigo 20 da LRHL o feito imponible da presente taxa configúrase:

1º. Pola utilización de calquera das instalacións enumeradas no artigo 2

2º. Pola colocación de calquera tipo de publicidade dentro das referidas instalacións, o contido da devandita publicidade debe axustarse ao establecido pola Lei 34/1988 do 11 de novembro Xeneral de Publicidade, non podendo atentar o seu contido contra a moral, a lei ou o costume.

ARTIGO 4.—SUXEITOS PASIVOS

Resultan suxeitos pasivos aos efectos do artigo 23.1.a) da LRHL e do artigo 36.1 da Lei 58/2003 Xeneral Tributaria, en concepto de contribuíntes, e polo tanto obrigados ao pagamento da taxa correspondente: as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades carentes de personalidade xurídica determinadas no artigo 35.4 da Lei 58/2003 que:

1º. Soliciten a utilización, disfrute ou aproveitamento das instalacións deportivas referidas no artigo 2 da presente ordenanza.

2º. Soliciten a instalación de calquera tipo de publicidade nas instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 5.—RESPONSABLES

Serán responsables solidarios do pagamento da taxa ante o impago do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38.1, 39 40.1, 40.2 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios do pagamento da taxa os administradores das sociedades, e os administradores concursais nos supostos de declaración de concurso aos efectos da Lei 22/2003 do 9 de xullo Concursal, así como os liquidadores das sociedades e entidades, e os demais responsables determinados no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, ou en caso de disolución das fundacións ou entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, as obrigas tributarias pendentes destas transmitíranse

ás persoas ou entidades que sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación e aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou aos partícipes ou cotitulares das entidades do artigo 35.4.

Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán beneficios fiscais que se atopen establecidos pola lexislación vixente que sexa de aplicación, sempre e cando polo beneficiario se acredite a existencia do beneficio así como o cumprimento de todos os requisitos e obrigas que xeran o dereito ao beneficio fiscal.

ARTIGO 7.—COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa que deberá ser satisfeita variará segundo se trate do uso e disfrute das instalacións deportivas ou ben se se trata da instalación de publicidade nas referidas instalacións, así:

1. Tarifas por utilización das instalacións deportivas:

**TARIFAS UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS MUNICIPAIS**
6 euros hora ou fracción

2. Tarifas por instalación de carteis e paneis publicitarios en instalacións deportivas:

Cadro 2.1: tarifas segundo tamaño dos carteis e/ou paneis publicitarios:

TARIFAS PUBLICIDADE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (Segundo tamaños)

Carteis de ata 2 m2 24 euros anuais
Carteis entre 2 e 5 m2 40 euros anuais
Carteis de máis de 5 m2 60 euros anuais

Cadro 2.2: tarifas segundo localización dos carteis e/ou paneis publicitarios:

TARIFAS PUBLICIDADE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (Segundo localización)

Carteis colocados en fronte das bancadas principais 40 euros anuais
Carteis colocados en calquera dos dous fondos . . 30 euros anuais
Carteis colocados enriba das bancadas principais . 20 euros anuais

As tarifas a aboar pola instalación de carteis publicitarios serán o resultado de sumar as tarifas segundo o tamaño dos carteis ou paneis publicitarios (cadro 2.1), máis as tarifas segundo a localización da publicidade (cadro 2.2).

ARTIGO 8.—EXENCIONES

O concello poderá autorizar a exención do abono das tarifas referidas aos campos de fútbol, cando as instalacións sexan utilizadas polos Clubs de Fútbol federados para os adestramentos ou celebración de partidos.

Tamén estarán exentos do pagamento a utilización das instalacións por causa de competicións ou eventos deportivos organizados ou patrocinados polo concello de Meis.

Así mesmo o concello poderá conceder a exención aos Centros Públicos de Ensino radicados en Meis que carezan de instalacións deportivas suficientes e soliciten o uso das instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 9.—REMUNERACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO

A obriga do abono da taxa xorde cando se autorice o uso, disfrute ou aproveitamento das instalacións deportivas municipais, previa solicitude do interesado, debendo entregar un xustificante do ingreso efectuado para poder utilizar as instalacións deportivas.

Pola prestación dos servizos determinados na presente ordenanza nas instalacións deportivas municipais, o período impositivo coincidirá co período solicitado polo suxeito pasivo para a utilización da instalación

ARTIGO 10.—PROCEDIMENTO E TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN E GOCE

O interesado deberá formular unha solicitude co contido determinado por artigo 70 lei 30/1992 do 26 de novembro, incluíndo ademais, a instalación, a hora, e o período de tempo que se fará uso das instalacións.

Corresponderá á consellería de cultura e deporte informar sobre a concesión ou non da solicitude; a este informe, en caso de que autorice o uso, acompañarase a liquidación que debe practicar o interesado.

Unha vez practicado o abono das taxas e de acreditado ante a referida consellería co recibo do ingreso, poderase utilizar a instalación nos días e horarios determinados no informe da concellaría de cultura e deporte.

En caso de que por causas imputables ao solicitante, finalmente non se utilice ou goce a instalación, iso non outorga dereito á devolución das taxas, que só caberá cando non sexa posible a utilización da instalación debido a causas imputables ao concello.

ARTIGO 11.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

Aos efectos previstos no artigo anterior, o ingreso da taxa efectuarase polo peticionario en calquera das entidades bancarias nas que o concello de Meis teña aberta conta, servindo o recibo do ingreso como xustificante do pagamento.

No momento da utilización de calquera das instalacións deportivas e mentres dure a devandita utilización, os interesados deberán dispoñer en todo momento do xustificante do ingreso e do informe favorable da consellería de cultura, xa que lle poderán ser solicitados en calquera momento, o incumprimento desta obriga será cualificado como infracción leve, podendo dar lugar ás sancións previstas na Lei Xeral Tributaria para as infraccións deste carácter.

ARTIGO 12.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Calquera infracción dos preceptos e obrigas emanados desta Ordenanza, será sancionada de conformidade co Título IV da Lei Xeral Tributaria, así como na normativa que a desenvolva ou substitúa.

ARTIGO 13.—RESPONSABILIDADE POLO DETERIORO OU ROTURA DO MATERIAL OU DAS INSTALACIÓNS.

Os usuarios das instalacións deportivas do concello de Meis estarán suxeitos ás responsabilidades derivadas do deterioro ou rotura dos materiais ou instalacións deportivas das que fixesen uso.

Para cubrir tal eventualidade, no informe do a concellaría de cultura e deporte, poderase esixir un depósito previo para responder dos danos e prexuízos causados; este depósito poderá ser constituído en metálico ou a través de aval bancario e o seu importe non será superior a 50 euros.

Se os danos producidos fosen superiores á cifra deixada como depósito o usuario ou usuarios responsables poderán ser conminados ao pagamento dos danos causados polas vías ordinarias, incluída a xudicial.

A esixencia desta responsabilidade non exclúe as sancións administrativas que resultasen pertinentes segundo a lexislación que lle resulte de aplicación.

Os usuarios serán responsables interviñeira dolo ou simple negligencia

ARTIGO 14.—EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE DO CONCELLO DE MEIS

O concello non se fará responsable dos danos e prexuízos físicos ou materiais sufridos polos usuarios nas instalacións deportivas cando estes se deban a unha utilización negligente da mesma ou dos seus materiais.

Así mesmo, o concello tampouco será responsable dos roubos ou furtos producidos nas súas instalacións deportivas, sendo deber dos usuarios a conservación das súas pertenzas.

ARTIGO 15.—EVENTOS DEPORTIVOS

A celebración de calquera tipo de eventos deportivos nas instalacións municipais por parte de calquera asociación, entidade ou persoa física ou xurídica, requirirá a autorización previa e expresa do concello, que non se concederá se tal evento non conta cos permisos e autorizacións autonómicas ou estatais que sexan obrigatorias, así como cos seguros de responsabilidade civil ou calquera outros que resulten obrigatorios.

A devandita autorización do concello concederáse tras a solicitude presentada polo promotor do evento con polo menos un mes de antelación á súa celebración.

Na solicitude presentada ante o concello constarán, ademais dos datos obrigatorios a tenor do artigo 70 da Lei 30/1992, as autorizacións pertinentes de calquera organismo anteriormente mencionadas así como as datas de celebración; á solicitude haberá de acompañarse, así mesmo, o xustificante do ingreso das taxas pola celebración do evento.

Neste suposto, as taxas que deben ser aboadas variarán segundo o número de participantes no evento; así:

Entre dous e cinco participantes 40 euros.

Entre seis e dez participantes 70 euros.

Máis de dez participantes 100 euros.

Este artigo aplicarase exclusivamente sempre e cando entre o promotor da actividade e o concello non se asinara un convenio que regule a celebración de eventos deportivos desta natureza, en cuxo caso estarase ao disposto no convenio, mentres este subsista.

Sempre que, durante a celebración do evento referido, e dentro do recinto da instalación deportiva de que se trate, instálense postos ou puntos de venda de bebidas ou comidas o promotor deberá facelo constar na solicitude, aumentándose a taxa que deba ser aboada en razón aos participantes en 40 euros por cada punto de venda ou expedición de bebidas e comidas.

O incumprimento de calquera das estipulacións recollidas neste artigo dará lugar, sen prexuízo das accións civís, administrativas ou penais que puidesen corresponder, á denegación automática de calquera outra actividade deportiva que o promotor solicitase.

ARTIGO 16.—INSTALACIÓN DE PUBLICIDADE

Calquera empresa que desexe publicitarse nas instalacións deportivas municipais reguladas no artigo 2 da presente Ordenanza deberá aboar unha

taxa prevista no artigo 7, tendo en conta as variables da súa localización e tamaño.

A taxa aboada dará dereito á entidade anunciante a exhibir o seu anuncio durante un ano, transcorrido o cal deberá solicitarse de novo a autorización, satisfacendo unha nova taxa.

A solicitude da entidade anunciante, ademais de cumprir co recollido no articulado da presente ordenanza deberá:

1º.—Efectuarse por escrito nas dependencias municipais dirixindo o escrito á consellería de cultura e deporte. Neste escrito deberá achegarse copia do cartel ou rótulo que se pretende instalar, con determinación das súas medidas e a súa localización dentro da instalación.

2º.—Contemplan o cumprimento dos requisitos regulados no artigo 70 da lei 30/1992 do 26 de novembro.

3º.—Achegar o xustificante de ter aboado a taxa que corresponda segundo dispón o artigo 7 desta ordenanza que se gradúa segundo as medidas, e lugar de situación da publicidade.

A publicidade xa instalada nas instalacións deportivas municipais á entrada en vigor da presente Ordenanza terá un prazo improrrogable de tres meses para adecuarse ao seu contido, presentando a solicitude á que se fai referencia neste artigo.

En caso de que as entidades anunciantes subscribiran un contrato coas entidades deportivas referido á publicidade, deberán achegar unha copia de tal contrato coa solicitude referida neste artigo.

Esta obriga é esixible tamén aos clubs ou asociacións que actualmente se benefician dos contratos de publicidade insertados nas instalacións deportivas municipais, e que virán obrigados a entregar copia de tales contratos ao concello.

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza os contratos mencionados quedarán sen vigor toda vez que resultan ser contrarios a dereito, xa que un particular non pode beneficiarse da utilización por outro particular do dominio público cuxa titularidade ou xestión corresponde a un ente de dereito público.

De non existir tales documentos, entenderase que as empresas anunciantes non aboan cuota algunha, polo que no prazo de tres meses deberán solicitar a autorización municipal para instalar a publicidade.

En caso de que nos tres meses non se solicite a autorización ou non se acheguen os documentos esixidos, a publicidade será retirada polo concello, sen dereito a resarcimento para a empresa anunciante.

O disposto no presente artigo obviamente enténdese sen prexuízo de que entre o concello e as entidades deportivas que actualmente se benefician da publicidade nas instalacións deportivas municipi-

país, exista un convenio no cal se regule expresamente que tales beneficios redundarán nas entidades deportivas, de ser isto así, manteranse as condicións recollidas nos convenios mentres estes subsistan.

DIPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza, segundo estipula o artigo 107 da Lei 7/1985 do 2 de abril, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU POLO
APROVEITAMENTO ESPECIAL DE BENS
DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e o 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación con o 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local así como polo artigo 64.2.d) e f) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e do artigo 50.3 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e polos artigos 2.b) 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LRHL), acorda a imposición e regulación dunha Taxa pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial de bens do dominio público local.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co estipulado no artigo 20 da LRHL o feito imponible da presente taxa configúrase pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que a continuación se relacionan:

1º.—Que se derive da utilización de columnas, postes, carteis e calquera outra instalación pertencente ao dominio público municipal para a exhibición de anuncios.

2º. Pola apertura de gabias, calicatas e calas, en terreos de uso público local, inclusive camiños, estradas e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas.

3º.—Con mercadorías, materiais de construción, entullos, colectores, vallas, puntais, grúas, andamios e outras instalacións análogas.

4º.—Polas entradas de vehículos a través das beirarrúas ou de calquera outro espazo de dominio público local e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga ou descarga de mercadorías de calquera clase así como outros usos similares.

5º.—Con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

6º.—Pola instalación de quioscos.

7º.—Con postos, barracas, carpas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións e industrias vagabundas e ambulantes, así como as rodaxes cinematográficas; deste epígrafe quedan excluídos os postos de venda ambulante ou vagabunda instalados nos mercados, que serán regulados na súa propia Ordenanza.

8º.—Con portadas, escaparates, vitrinas, postes e aparatos automáticos como básculas, máquinas expendedoras, cabinas fotográficas, caixeiros automáticos, aparatos infantís e outras instalacións ou elementos análogos, establecidos sobre a vía pública ou outros terreos pertencentes ao dominio público municipal ou que voen sobre estes.

9º.—Instalación de mercadorías ou obxectos de calquera clase, en exposición ou venda, sempre que ocupen ou se instalen no dominio público.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Resultan suxeitos pasivos aos efectos do artigo 23.1.a) da LRHL e do artigo 36 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, en concepto de contribuíntes, e polo tanto obrigados ao pagamento da taxa correspondente: as comparezas físicas ou xurídicas, así como as entidades carentes de personalidade xurídica determinadas no artigo 35.4 da Lei 58/2003 que solicite a utilización, desfrute ou aproveitamento especial do dominio público local en beneficio particular de conformidade con algún dos supostos especificados no artigo 2 da presente Ordenanza.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

Serán responsables solidarios do pagamento da taxa ante o non pagamento do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1, 39 40.1, 40.2 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios do pagamento da taxa os administradores das sociedades, e os administradores concursais nos supostos de declaración de concurso aos efectos da Lei 22/2003 do 9 de xullo Concursal, así como os liquidadores das sociedades e entidades, e os demais responsables determinados no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, ou en caso de disolución de fundacións ou entidades ás que se refire o artigo 35.4 de la Lei Xeral Tributaria, as

obrigas tributarias pendentes destas transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación e aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou aos partícipes ou cotitulares das entidades do artigo 35.4.

Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

ARTIGO 5.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán beneficios fiscais que se atopen establecidos pola lexislación vixente que resulte de aplicación, sempre e cando polo beneficiario se acredite a existencia do beneficio así como o cumprimento de todos os requisitos e obrigas que xeran o dereito ao beneficio fiscal.

ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa que deberá ser satisfeita variará segundo o feito imponible de que se trate, así:

1º.—Que se derive da utilización de columnas, postes, carteis e calquera outra instalación pertencente ao dominio público municipal para a exhibición de anuncios:

- 30 euros mensuais por cada metro cadrado ou fracción.

2º. Pola apertura de gabias, calicatas e calas, en terreos de uso público local, inclusive camiños, estradas e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas:

- 2 euros diarios por cada metro lineal
- 50 euros mensuais por cada metro lineal

3º.—Con mercadorías, materiais de construción, entullos, colectores, vallas, puntais, grúas, andamios e outras instalacións análogas:

3.1 Vallas e Andamios:

Na vía pública:

- 0.50 euros diarios por cada metro lineal
- 10 euros mensuais por cada metro lineal

Noutros terreos de uso público:

- 0.25 euros diarios por cada metro lineal
- 5 euros mensuais por cada metro lineal

3.2 Mercadorías, materiais de construción, escombros, colectores, puntais, grúas e outras instalacións análogas:

Na vía pública:

- 1 euro diario por cada metro cadrado
- 20 euros mensuais por cada metro cadrado

Noutros terreos de uso público:

- 0.75 euros diarios por cada metro cadrado
- 15 euros mensuais por cada metro cadrado

4º.—Polas entradas de vehículos a través das beirarrúas ou de calquera outro espazo de dominio público local e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga ou descarga de mercadorías de calquera clase así como outros usos similares:

4.1 Garaxes:

- Ata 3 metros lineais de reserva de entrada 20 euros/ano.
- Por cada metro lineal máis 10 euros/ano.

4.2 Talleres:

- Talleres de reparación de toda clase sen garage 40 euros/ano.
- Por cada metro lineal máis 20 euros/ano.

4.3 Carga e Descarga:

- Por reserva da vía pública para carga e descarga 3euros/m2/ano

5º.—Con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:

LICENZAS	LUGAR	€/DÍA	€/MES	€/TRIM.	€/ANO
MESAS*	O Mosteiro	0.50	9	25	75
	Resto municipio	0.20	3.50	10	32
CADEIRAS	O Mosteiro	0.10	2	5	15
	Resto municipio	0.5	1	2.5	10

* cada mesa dá dereito a colocar unha mesa e catro cadeiras

6º.—Pola instalación de quioscos:

- En Mosteiro 3 euros/m2/mes.
- No resto do municipio . . . 2 euros/m2/mes.

7º.—Con postos, barracas, carpas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións e industrias vagabundas e ambulantes, así como as rodaxes cinematográficas:

- Ata 10 metros cadrados de superficie total 8 euros /día.
40 euros /semana.
- De 11 a 20 metros cadrados de superficie total 15 euros /día.
75 euros /semana.
- Máis de 20 metros cadrados de superficie total 25 euros /día.
100 euros/semana

8º.—Con portadas, escaparates, vitrinas, postes e aparatos automáticos como básculas, máquinas expendedoras, cabinas fotográficas, caixeiros automáticos, aparatos infantís e outras instalacións ou elementos análogos, establecidos sobre a vía públi-

ca ou outros terreos pertencentes ao dominio público municipal ou que voen sobre estes:

- Portadas, escaparates, vitrinas, postes: 20 euros/m²/año.
- Básculas, máquinas expendedoras, cabinas fotográficas, caixeiros automáticos, aparatos infantís e outros elementos análogos: 60 euros/m²/año.

9º.—Instalación de mercadorías ou obxectos de calquera clase, en exposición ou venda, sempre que ocupen ou se instalen no dominio público:

- Ata 10 metros cadrados de superficie total: 15 euros/m²/mes.
- De 11 a 20 metros cadrados de superficie total: 25 euros/m²/mes.

ARTIGO 7.—EXENCIÓNS

O concello poderá potestativamente, autorizar a exención do abono das tarifas referidas ás entidades sen ánimo de lucro que soliciten a utilización ou o aproveitamento privativos e non lucrativo do dominio público local.

Estarán exentos do abono das taxas o Estado, os órganos da Comunidade Autónoma de Galicia así como as entidades locais polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

ARTIGO 8.—REMUNERACIÓN

1. A obriga do abono da taxa xorde cando se autorice o uso, disfrute ou aproveitamento privativos dos bens do dominio público local, incluídos o chan, voo ou subsolo, logo de solicitude de interesado.

Unha vez autorizada a utilización privativa ou o aproveitamento especial, o interesado deberá entregar, antes de efectuar materialmente a utilización, un xustificante do ingreso efectuado.

2. Cando o aproveitamento se realice sen obter a autorización municipal, o pagamento da Taxa devengada de conformidade coas estipulacións contidas na presente Ordenanza, non suporá a legalización dos aproveitamentos efectuados, podendo ordenarse a retirada das instalacións ou materiais sen indemnización ningunha, así como a incoación do pertinente expediente sancionador de conformidade co artigo 12 da presente Ordenanza que poderá dar lugar á imposición das sancións reguladas no artigo 13.

ARTIGO 9.—PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN E GOCE DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

O interesado deberá formular unha solicitude no rexistro xeral do concello, co contido determinado

por artigo 70 lei 30/1992 do 26 de novembro, incluíndo ademais, o tipo de utilización que se pretende facer do dominio público, e o período de tempo que se fará uso deste.

Corresponderá á alcaldía autorizar ou non a concesión da solicitude logo de informe de servizos técnicos municipais; a esta autorización, en caso de que sexa favorable, acompañarase a liquidación que debe practicar o interesado.

Unha vez practicado o abono das taxas e de acreditado co recibo do ingreso, poderase utilizar o dominio público durante o tempo determinado na resolución da alcaldía que autorice a utilización e aproveitamento do dominio público.

En caso de que por causas imputables ao solicitante, finalmente non se faga uso do dominio público autorizado, iso non outorga dereito á devolución das taxas, que só caberá cando a non sexa posible o aproveitamento privativo do dominio público debido a causas imputables ao concello.

ARTIGO 10.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

Aos efectos previstos no artigo anterior, o ingreso da taxa efectuarase polo petionario en calquera das entidades bancarias nas que o concello de Meis teña aberta conta servindo o recibo do ingreso como xustificante do pagamento, dito xustificante deberá ser entregado nas dependencias municipais para que se achegue ao expediente da autorización.

O abono deberá efectuarse despois de concedida a autorización e sempre antes de proceder á utilización, ocupación ou aproveitamento do dominio público local, o incumprimento desta obriga será sancionado como falta leve tras o pertinente expediente sancionador.

No momento da utilización privativa do dominio público municipal e mentres dure o devandito aproveitamento, os interesados deberán dispoñer en todo momento do xustificante do ingreso e da autorización expedida dende o concello, xa que lle poderán ser solicitados en calquera momento.

O incumprimento desta obriga será cualificado como infracción leve, podendo dar lugar ás sancións previstas o artigo 13 da presente Ordenanza para as infraccións deste carácter.

ARTIGO 11.—PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Calquera infracción dos preceptos e obrigas emanados desta Ordenanza, será obxecto dun procedemento sancionador que se desenvolverá de conformidade co recollido no capítulo IV do Título IV da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, aplicándose supletoriamente o Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, así como polo Título IX da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurí-

dico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 12.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

Ademais das infraccións e as súas sancións, así como a súa graduación, contidas no Título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria, e que serán de aplicación á presente Ordenanza, consideraranse infraccións leves as seguintes:

1.—Ocupar o dominio público local sen a debida autorización.

2.—Ocupar máis metros cadrados do dominio público local dos permitidos pola autorización municipal.

3.—Ocupar o dominio público durante máis tempo do autorizado dende o concello.

As sancións que corresponden a estas infraccións leves serán cuantificadas de conformidade co estipulado pola Lei Xeral Tributaria para as infraccións cualificadas como leves.

ARTIGO 14.—RESPONSABILIDADE POLA DETERIORACIÓN OU ROTURA DO MATERIAL OU DAS INSTALACIÓNS

As persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a utilización privativa ou para o aproveitamento especial de bens do dominio público local pertencentes ao concello de Meis, estarán suxeitos ás responsabilidades derivadas da deterioración ou rotura dos materiais ou instalacións públicas das que fixesen uso.

Para cubrir tal eventualidade, na resolución da alcaldía que autorice a utilización do dominio público, poderase esixir un depósito previo para responder dos danos e prexuízos causados; este depósito poderá ser constituído en metálico ou a través de aval bancario e o seu importe non será superior a 200 euros.

Se os danos producidos fosen superiores á cifra deixada como depósito o usuario ou usuarios responsables poderán ser conminados ao pagamento dos danos causados polas vías ordinarias, incluída a xudicial.

A esixencia desta responsabilidade non exclúe as sancións administrativas que resultasen pertinentes segundo a lexislación que lle resulte de aplicación.

Os usuarios serán responsables interviñeira dolo ou simple negligencia

DIPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR.

A presente Ordenanza, segundo estipula o artigo 107 da Lei 7/1985 do 2 de abril, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as seguintes Ordenanzas do Concello de Meis:

1º. Ordenanza reguladora da Taxa por apertura de gabias, exploracións e calas, en terreos de uso público local, inclusive camiños, estradas e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

2º.—Ordenanza reguladora da Taxa pola instalación de quioscos na vía pública.

3º.—Ordenanza reguladora da Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valla, puntais, grúas, estadas e outras instalacións análogas.

4.—Ordenanza reguladora da Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

5º.—Ordenanza reguladora da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga ou descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI

ART. 1: FUNDAMENTO

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e o 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación con o 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local así como polo artigo 64.2.d) e f) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e do artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e tomando como base os artigos 2.b) 15 a 19, 59.1.a) e 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LRHL), acorda a regulación do Imposto de Bens Inmóbeis (en diante IBI)

ART. 2 NATUREZA E NORMATIVA APLICABLE:

1. O IBI é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbeis nos termos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, iso de conformidade co estipulado nos artigos 60 a 77 do corpo legal amentado.

2. O IBI rexeráse:

- a) Polas disposicións comprendidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ou norma que o substitúa; así como polas demais disposicións legais ou regulamentarias que o complementen ou desenvolvan.
- b) Pola presente Ordenanza Fiscal aprobada ao amparo dos artigos 15 a 19 do o Real Decreto Lexislativo 2/2004

ART. 3 FEITO IMPOÑIBLE:

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dalgún dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles urbanos, rústicos ou de características especiais sitos no termo municipal de Meis:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atoparan afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Dun dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades neste previstas.

3. A os efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos, e de características especiais os determinados nos artigos 6 a 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

4. En caso de que un mesmo inmovible se atope parcialmente situado no termo municipal de Meis e parcialmente noutro municipio limítrofe, entenderase, aos efectos do presente imposto, que tributa no concello de Meis pola superficie que se atope dentro deste termo municipal.

5. Non están suxeitos a este imposto:

- As estradas, camiños, demais vías terrestres e os bens de dominio público sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto
- Os seguintes bens inmobles propiedade do municipio de Meis:
 - Os de dominio público afectos a uso público.
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, agás cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
 - Os bens patrimoniais, exceptuados os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ART. 4 SUXEITOS PASIVOS:

1. Segundo determina o artigo 63 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 serán suxeitos pasivos do imposto as persoas naturais e xurídicas así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, ao amparo do artigo 35.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

No caso de inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou en varios concesionarios, cada un deles responderá pola súa cota, que se determinará en razón da parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. Nos supostos de cambio, por calquera causa, da titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria.

Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen, sobre as débedas pendentes polo presente imposto asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal deben presentar a declaración e calquera normas tributarias de aplicación.

4. O concello de Meis repercutirá a parte da cota líquida do imposto nos que, non reunindo a condición de suxeitos pasivos deste, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales están obrigados a soportar a repercusión.

5. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, ao amparo do artigo 35.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria

ART. 5 BASE IMPOÑIBLE E BASE LIQUIDABLE:

1. A Base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determina, notifica e é susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario; entendendo que o valor catastral é o determinado obxectivamente para cada ben inmovible, estando integrado polo valor catastral

do chan e polo valor catastral das construcións, conforme ao procedemento estipulado na Lei do Catastro Inmobiliario.

Os devanditos valores catastrais poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización en vos casos e forma que a Lei prevé.

2. A Base Liquidable será o resultado de practicar na base imponible as reducións consideradas no artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coa duración e contía establecidos no artigo 68 e co valor base relacionado no artigo 69, en canto ao cómputo do período de redución en supostos especiais estarase ao disposto no artigo 70 do mesmo corpo legal.

3. No suposto no que se producise unha alteración territorial do termo municipal de Meis, e mentres non se aprobe un novo relatorio d valores, os bens inmobles que pasen a formar parte doutro municipio ou aqueles outros que pasen a formar parte do termo municipal de Meis, manterán o mesmo réxime de asignación de bases impositivas e liquidables que xa ostentasen.

4. Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro, sendo recurrible ante os Tribunais Económico-Administrativos do Estado. Nestes procedementos, a base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible, incluíndo na devandita notificación a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponde ao inmovible así como dos importes da devandita redución e da base liquidable

ART. 6 COTA TRIBUTARIA:

1. A cota tributaria atópase configurada pola cota íntegra e a cota líquida; a primeira de elas, a cota íntegra, resultará ser o resultado de aplicar á Base Liquidable o tipo de gravame referido no artigo 7 da presente ordenanza.

2. A segunda delas, a cota líquida, obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas no artigo 8 da presente ordenanza.

ART. 7 TIPO DE GRAVAME:

1. Á hora de establecer o tipo de gravame aplicable para o concello de Meis, e de conformidade cos parámetros establecidos na Lei das Facendas Locais, cabe separar entre os bens de natureza rústica dos de natureza urbana, así establécense os seguintes tipos de gravame:

- Tipo de gravame bens inmobles urbanos: 0.40%
- Tipo de gravame bens inmobles rústicos: 0.65%

2. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de características especiais, que terá un carácter supletorio, será do 0.6%.

3. Os inmobles urbanos de uso residencial que se atopen desocupados permanentemente terán unha recarga do 50% sobre a cota líquida do Imposto; esta recarga devengarse o 31 de decembro de cada ano, sendo liquidado anualmente polo concello de Meis, unha vez constatada a desocupación do inmovible xunto co acto administrativo polo que se declara a desocupación, segundo consta no artigo 10 da presente Ordenanza.

ART. 8 BONIFICACIÓNS:

1. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte aquel en que se realicen as obras ata o posterior á súa terminación sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para gozar da amentada bonificación, os interesados deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción, a cal efectuarase mediante o correspondente Acta de reformulo e inicio da obra expedido pola dirección facultativa da obra que conste na solicitude de licenza, visado polo Colexio Oficial.
- b) Acreditar que a empresa se dedica á actividade e urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o cal se fará coa presentación dos estatutos da sociedade.
- c) Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do activo inmovilizado da entidade, o cal efectuarase mediante certificación de quen apareza nos estatutos como Administrador da sociedade, ou ben coa fotocopia compulsada do último balance presentado a Facenda, para os efectos do Imposto de Sociedades.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os catro períodos impositivos posteriores ao outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial ou aquelas outras que resulten equiparables a estas, de conformidade coa lexislación autonómica aplicable. A devandita bonificación surtirá efectos a partir do período impositivo inmediatamente

posterior a aquel en que se solicite, debendo presentar o interesado:

- a) Copia compulsada da cualificación definitiva da vivenda como de Protección Oficial.
- b) Fotocopia da escritura ou de nota simple do rexistro da propiedade.
- c) Fotocopia do DNI do solicitante
- d) Escrito de solicitude da bonificación, cos requisitos estipulados no artigo 70 da lei 30/1992 do 26 de novembro.
- e) Certificación descritiva e gráfica do catastro referida ao inmovible obxecto da presente bonificación.

Unha vez transcorran os catro períodos mencionados no parágrafo anterior, establécese unha bonificación do 20% na cota íntegra do imposto, ao amparo do parágrafo terceiro do artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante os dous períodos impositivos posteriores; para tal efecto deberá solicitarse tal bonificación polos interesados dentro do cuarto período impositivo posterior á concesión da cualificación definitiva, debendo achegar a mesma documentación que a salientada no parágrafo precedente.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos pola Lei 20/1990 do 19 de decembro sobre réxime Fiscal das Cooperativas.

4. Os inmoables existentes en Meis nos que radiquen organismos públicos de investigación terán unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto.

5. Os suxeitos pasivos do imposto que ostenten a condición de familia numerosa nos termos estipulados nos artigos 2 e 3 da Lei 40/2003 do 18 de novembro de Protección das Familias Numerosas, gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, sempre e cando tal vivenda constituía a residencia habitual do suxeito pasivo e a súa familia, nas seguintes porcentaxes:

- a) familia numerosa de ata 4 membros: 30%.
- b) familia numerosa de 5 ou máis membros: 50%.

Se entre os fillos indicados no apartado a) existe algún minusválido con minusvalía igual ou superior ao 33%, a bonificación será do 50%.

Os suxeitos pasivos que pretendan obter a bonificación incluída neste punto deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Certificado de empadroamento no inmovible, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior, no que consten os membros da unidade familiar que convivan no inmovible para o que se solicita a bonificación.

- b) Fotocopia do recibo do imposto aboado no exercicio anterior á súa solicitude.
- c) Fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa outorgado ao amparo do artigo 5 da Lei 40/2003.
- d) Acreditar que os ingresos brutos da unidade familiar no ano inmediatamente anterior á solicitude son inferiores a 36.061 ?.
- e) Escrito de solicitude da bonificación presentado nas dependencias municipais antes do un de xaneiro do ano correspondente ao período impositivo no que pretenda que produza efectos, con identificación clara e precisa do inmovible, e cos requisitos estipulados no artigo 70 da lei 30/1992 do 26 de novembro.

É requisito indispensable que a condición de familia numerosa se ostente na data de remuneración do imposto, as realizadas con posterioridade concederanse para o exercicio seguinte.

O prazo de desfrute da bonificación estenderase mentres subsista o título de familia numerosa. No mesmo ano no que se solicite a renovación do título de familia numerosa, o suxeito pasivo deberá solicitar nas dependencias municipais a prórroga da bonificación, a cal producirá efectos no período impositivo seguinte.

A bonificación extinguirase de oficio o ano inmediatamente posterior a aquel en que o suxeito pasivo perda a condición de familia numerosa.

A bonificación establecida neste apartado resulta ser plenamente compatible coa regulada para as vivendas de protección oficial ata o límite do 90% acumulando ambas as dúas bonificacións.

6. Establécese así mesmo unha bonificación do 30% da cota íntegra do imposto para os bens inmoables nos que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar; condicionando a devandita bonificación a que as instalacións inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

Esta bonificación exclusivamente aplicarase a aquelas instalacións que reúnan as características estipuladas no parágrafo anterior cando sexan realizadas de xeito voluntario polo suxeito pasivo, non respondendo ás obrigas derivadas da normativa vixente.

Non poderán acceder a esta bonificación os inmoables en situación de fose de ordenación tal e como a define o artigo 103 da Lei 9/2002 do chan de Galicia, nin os inmoables en situación de ilegalidade urbanística, independentemente de que se incoaran ou non os pertinentes expedientes sancionador ou de reposición da legalidade.

Esta bonificación terá unha duración de tres períodos impositivos, e o solicitante deberá achegar:

1. Orixinal ou copia compulsada da certificación da instalación efectuada polo instalador.
2. En caso de que obtivera licenza para instalar os paneis fotovoltaicos, copia compulsada da devandita licenza

As bonificacións reguladas no presente artigo son compatibles entre si cando así permítalo a natureza da bonificación e do ben inmovible correspondente, aplicándose, se é o caso, na mesma orde en que aparecen recollidas, e sempre co tope máximo do 95% de bonificación da cota íntegra.

ART. 9 EXENCIONES:

1. O concello de Meis determinará de oficio a exención do imposto de bens inmovibles para os seguintes inmovibles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre el Estado Español y la Santa Sede sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artículo 16 de la Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmovibles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus organismos oficiais.
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, o principal aproveitamento das cales sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arboredo sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2. Así mesmo, logo de solicitude, estarán exentos:

- a) Os bens inmovibles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

- b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida por o artigo 9 de la Lei 16/1985, de 25 de xuño, del Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e, cando reúnan as seguintes condicións:

— En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de plan urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, del Patrimonio Histórico Español.

— En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, por o que se aproba el Regulamento de planeamiento para el desarrollo y aplicación da Lei sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

- c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

3. Tamén atopan exentos do abono do imposto os seguintes bens inmovibles situados no termo municipal de Meis:

- a) Os de natureza urbana a cota líquida da cal sexa inferior a 5 euros
- b) Os de natureza rústica sempre que a suma da totalidade dos bens desta natureza para un único suxeito pasivo importe unha cantidade inferior a 10 euros.
- c) Os bens inmovibles a titularidade dos cales corresponda aos centros sanitarios de titularidade pública sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros e sempre que á solicitude se acompañe dun informe técnico sobre dotación, equipamento e estado de conservación das instalacións

Nos supostos recollidos nos puntos a) e b) os interesados deberán solicitar a exención achegando fotocopia do recibo do imposto que se debe aboar. Os efectos da concesión destas exencións de carácter pregado comeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude, non ostentando carácter retroactivo.

ART. 10 RECARGAS:

Todos os inmobles de uso residencial pertencentes ao concello de Meis, que se atopen desocupados con carácter permanente, terán unha recarga do 50% na cota íntegra do IBI.

Para acreditar a desocupación permanente abondará con que tanto no ano inmediatamente anterior á aplicación da recarga como no propio ano no que se aplique a recarga, non estivese ningún empadroado nos inmobles referidos, tratándose neste caso dunha presunción iuris tantum, é dicir, que permite proba en contrario, proba que deberá ser achegada polo interesado, e valorada polo concello.

ART. 11 PERÍODO IMPOSITIVO E REMUNERACIÓN:

1. O período impositivo coincide co ano natural.
2. O imposto devengarse o primeiro día do período impositivo.
3. Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade na remuneración deste imposto inmediatamente posterior ao momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.
4. As variacións fácticas, económicas ou xurídicas, incluíndo as modificacións relativas á titularidade dos bens inmobles, terán efectividade no período impositivo seguinte a aquel en que se produzan as devanditas variacións.

ART. 12 OBRIGAS FORMAIS:

1. As alteracións concernentes aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto, incluída as referidas nos apartados 3 e 4 do artigo 10 da presente Ordenanza, determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.
2. Sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de requirir ao interesado a documentación que en cada caso resulte pertinente, nos municipios acollidos mediante ordenanza fiscal ao procedemento de comunicación previsto nas normas

reguladoras do Catastro Inmobiliario, as declaracións ás que alude este artigo entenderanse realizadas cando as circunstancias ou alteracións a que se refiren consten na correspondente licenza ou autorización municipal, suposto no que o suxeito pasivo quedará exento da obriga de declarar antes mencionada.

ART. 13 PAGAMENTO E INGRESO DO IBI:

1. O pagamento das débedas por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e publicarse no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de edictos do concello de Meis.

2. As liquidacións de ingreso directo satisfaranse voluntariamente nos prazos indicados ao efecto polo artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, así:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

3. Concluído o período voluntario que se desenvolve nos prazos mencionados no apartado 2, iniciárase o período executivo de recadación tendo en conta as seguintes recargas reguladas no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria 58/2003.

- a) Recargo executivo do 5% sobre a totalidade dá débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando satisfágase a totalidade dá débeda non ingresada non período voluntario antes dá notificación dá providencia de constrinximento.
- b) Recarga de constrinximento reducido do 10% sobre a totalidade dá débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando satisfágase a totalidade dá débeda non ingresada non período voluntario e a propia recarga, antes dá finalización do prazo de pagamento para ás débedas constrinxidas.
- c) Recarga de constrinximento ordinario do 20% sobre a totalidade dá débeda e con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran ás circunstancias anteriores.

Os prazos determinados para efectuar o pagamento no período executivo serán:

- a) Se a notificación da providencia de apuro se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do devandito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- b) Se a notificación da providencia de apuro se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

ART. 14 RÉXIME DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E COBRAMENTO:

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria do presente imposto serán competencia exclusiva do Concello de Meis.

2. A xestión tributaria comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobramento, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidas ás materias comprendidas en este apartado.

3. O Concello de Meis poderá agrupar nun único documento de cobramento todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos situados nun mesmo municipio.

4. O Concello de Meis determinará a base liquidable cando a base imponible resulte da tramitación dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude de subsanación de discrepancias e inspección catastral previstos nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.

5. Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos en que se practicasen previamente as notificacións do valor catastral e base liquidable previstas nos procedementos de valoración colectiva.

Unha vez que transcorra o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen que se utilizaran os recursos pertinentes, entenderanse consentidas e firmes as bases imponible e liquidable notificadas, sen que poidan ser obxecto dunha nova impugnación ao procederse á exacción anual do imposto.

6. O imposto xestiónase a partir da información contida no Padrón Catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro Inmobiliario, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados.

O devandito padrón, que se formará anualmente, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes dun de marzo de cada ano.

Os datos contidos no Padrón catastral e nos demais documentos citados no presente apartado, deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do IBI.

7. Nos supostos en que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos a que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o órgano xestor para os efectos da liquidación do imposto devengar polo correspondente exercicio, deberán ser inmediatamente notificadas á Dirección Xeral do catastro na forma determinada por esta. Esta liquidación terá carácter provisional cando non exista convenio de delegación de funcións entre o catastro e o Concello de Meis.

Neste caso, á vista da información remitida, a Dirección Xeral do Catastro confirmará ou modificará o titular catastral, mediante acordo que será comunicado ao Concello para que se practique, se é o caso, a liquidación definitiva.

Iso empero, as alteracións concernentes aos inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto, determinarán a obriga inescusable para os suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme aos procedementos establecidos nas súas normas reguladoras.

8. As competencias que, con relación ao IBI, se atribúe o Concello de Meis, serán exercidas directamente por aquel ou a través dos convenios ou outras fórmulas de colaboración que se celebren con calquera das Administracións Públicas nos termos previstos na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, aplicando de xeito supletorio as normas recollidas no Título I da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

ART. 15 REVISIÓN:

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables de conformidade cos procedementos estipulados tanto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coma no Real Decreto Lexislativo 1/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, ou normas que con posterioridade substitúan a ambas as dúas.

2. Os actos relativos á xestión meramente tributaria do Imposto efectuados por o concello de Meis poderán ser revisados de conformidade co regulado no Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ou norma que o substitúa.

ART. 16 INFRACCIÓN E SANCIÓN:

Todo o relativo ás infraccións tributarias e as súas distintas clasificacións estarase, tal e como recolle o artigo 11 da Lei de Facendas Locais, ao disposto no Título IV da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria así como, subsidiariamente, ao disposto tanto polo Título IX da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e procedemento Administrativo Común, como por o Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

ART. 17 RÉXIME DE RECURSOS:

1. De conformidade co regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e respecto dos procedementos especiais de revisión dos actos ditados en materia de xestión tributaria, se estará ao disposto nos parágrafos do artigo 110 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local seguintes:

- a) A devolución de ingresos indebidos e a rectificación de erros materiais no ámbito dos tributos locais axustaranse ao disposto nos artigos 32 e 220 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- b) Non serán en ningún caso revisables os actos administrativos confirmados por sentenza xudicial firme.

Os actos ditados en materia de xestión dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais, tamén estarán sometidos aos procedementos especiais de revisión conforme ao previsto neste apartado.

2. Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades locais, só poderá interpoñerse o recurso de reposición.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda Derrogada na súa totalidade a Ordenanza Fiscal reguladora do IBI para o concello de Meis, do 28 de setembro de 1989, en vigor dende o un de xaneiro de 1990, modificada parcialmente pola Modificación da Ordenanza fiscal do IBI aprobada na sesión plenaria do 25 de novembro de 2008.

Así mesmo se derroga a Modificación da Ordenanza levada a cabo na sesión Plenaria do Concello de Meis de data 25 de novembro de 2008.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.—
MODIFICACIÓN DO IMPOSTO**

As modificacións que se introduzan na regulación do presente imposto, polas Leis de Presupostos

Xerais do Estado ou por calquera outras normas ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza Fiscal.

**DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.—APROBACIÓN
E ENTRADA EN VIGOR**

A presente Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, aprobada polo Pleno o Concello de Meis en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2009 entrará en vigor, segundo dispoñen as prescricións legais de aplicación, o día 1 de xaneiro de 2010, continuando vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de producirse unha modificación parcial, os artigos non afectados pola modificación continuarán vixentes.

Meis, 25 de marzo de 2009.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez.

2009003405

* * *

GONDOMAR**E D I C T O****ASUNTO: NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN
DE EXPEDIENTES SANCIONADORES
EN MATERIA DE TRÁFICO**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de resolución de expediente sancionador en materia de tráfico polas que se comunica que esta Alcaldía, á vista das dilixencias practicadas acordou dictar resolución sancionadora e dar por concluídos os respectivos expedientes.

O interesado deberá facer efectiva a sanción dentro dos 15 días hábiles seguintes á data da súa firmeza, coa advertencia de que, de non facelo, procederase ó seu cobro pola vía executiva, incrementado a sanción cos recargos establecidos no artigo 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso cos correspondentes intereses de demora (artigo 21 do RD 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, contados en ambos casos a

partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

De presentar recurso potestativo de reposición, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que o primeiro sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo. Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra dentro do prazo de seis meses. Pode consultar o seu saldo de puntos en *www.dgt.es*.

NIF Infractor	NOME E APELIDOS	CONCELLO	PROVINCIA	Nº Expediente	Art / Lei	MATRICULA	LUGAR DENUNCIA	Data / Hora Infracción	Importe	Puntos
36063496W	FERNANDEZ ABREU FRANCISCO JAVIER	NIGRAN	PONTEVEDRA	3818/2008	94 / RGC	P03870AY	OTERO PEDRAYO nº	15/05/2008 / 20:30	92,00	0
36147251Z	RODRIGUEZ RIVADA MANUEL	VIGO	PONTEVEDRA	4199/2008	94 / RGC	3889DXD	PLAZA PARADELA nº1	03/06/2008 / 11:40	92,00	0
36068751J	PACHECO MOLINETE MARIA TERESA	GONDOMAR	PONTEVEDRA	7700/2008	154 / CIR	P03806BB	PONTE DA ROSA nº	04/09/2008 / 20:12	90,00	0
77003636G	GONZALEZ OTERO JOSE ALVARO	GONDOMAR	PONTEVEDRA	8419/2008	94 / RGC	9306DPR	ROSALIA DE CASTRO nº	14/08/2008 / 10:40	60,00	0
76998803R	CASTIÑEIRA PRADO MIGUEL	NIGRAN	PONTEVEDRA	10470/2008	18 / RGC	0460DWN	AV DAS GAIANDAS nº	24/09/2008 / 15:00	150,00	3

Gondomar, 27 de febreiro de 2009.—O Alcalde, ilexible.

2009003606

* * *

A ILLA DE AROUSA

A N U N C I O

ASUNTO: Notificación de resolución de expedientes sancionadores en materia de tráfico

De conformidade co disposto nos art. 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non se ter podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de resolución de expediente sancionador en materia de tráfico polas que se comunica que esta Alcaldía, á vista das dilixencias practicadas, acordou dictar resolución sancionadora e dar por concluídos os respectivos expedientes.

O interesado deberá facer efectiva a sanción dentro dos 15 días hábiles seguintes á data da súa firmeza, coa advertencia de que, de non o facer, procederá ao seu cobro pola vía executiva, incrementando a sanción coas recargas establecidas no artigo 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, cos correspondentes xuros de demora (art. 21 do RD 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, contados en ambos casos a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

De presentar recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que o primeiro sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo. Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra dentro do prazo de seis meses.

NUM. EXP.	TITULAR	INFRAC.	LUGAR	ENDEREZO	IMPORTE
2008408	24850550 MESA ARIAS J L	ART 154 RD 1428/03-CARREIRON		LA ARAÑA-MA	90 €
2008462	44805891 CEREIJO GAGO M M	ART 154 RD 1428/03-CARREIRON		OROSO-C	90
2008641	02238382 ANIÑO ALBA A A	ART 154 RD 1428/03-CARREIRON		MADRID	90
2008686	35470225 PAZ SUAREZ C	ART 154 RD 1428/03-REGUEIRO		ILLA	90
2008693	17120502 FAJO BERDUN R	ART 171 RD 1428/03-NAVAL		EL MASNOU-B	90
2008701	35441632 POUZO CORES M R	ART 154 RD 1428/03-CARREIRON		ILLA	90
2008812	08709186 BLANCO SALGADO C	ART 154 RD 1428/03-CARREIRON		BADAJOS	90
2008846	PATRAS FANTASTICA SL	ART 154 RD 1428/03-AREA DA SEC		MADRID	90
2008998	FALCON FERNANDEZ J C	ART 154 RD 1428/03-REGUEIRO		ILLA	90

A Illa de Arousa, vintetrés de marzo de dous mil nove.—O alcalde-presidente, ilexible.

2009003391

A N U N C I O

RELACIÓN DE CONTRIBUENTES QUE SE CITAN PARA SER NOTIFICADOS POR COMPARECENCIA
ACTO QUE SE NOTIFICA: Incoación de expedientes sancionadores

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación de incoación dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo que figura no rexistro de vehículos ou no de conductores e infractores, feito do que se ten constancia nos expedientes.

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO

